

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Aprobación das Bases e da Convocatoria para o ano 2019 das Axudas á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada convocadas pola Concellaría de Servizos Sociais.

O Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2018, acordou a aprobación das *Bases reguladoras para a concesión das axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada convocadas pola concellaría de servizos sociais*. O día 19 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local aprobou a Convocatoria para o ano 2019.

Dando cumprimento aos acordos adoptados no Pleno e na Xunta de Goberno citadas, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. Ambas as normas entrarán en vigor o día seguinte da publicación neste Boletín Oficial, e estarán expostas no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU CON DEPENDENCIA ACREDITADA CONVOCADAS POLA CONCELLARÍA DE SERVIZOS SOCIAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende hai varios anos o Concello de Arteixo, a través da Concellaría de Servizos sociais da Área de Benestar Comunitario, desenvolveu diversas actuacións para o impulso da promoción da accesibilidade das persoas con mobilidade reducida en situación de maior desvantaxe económica, co fin de promover a súa plena integración no seno da comunidade, en igualdade de condicións.

Neste contexto, e atendendo ás dificultades que coexisten nel, estímase conveniente e necesario dar continuidade a estas axudas.

Nesta nova norma tómanse en consideración algúns dos criterios establecidos en anteriores convocatorias, coas seguintes modificacións. Así, mantéñense tanto os requisitos coma as contías establecidas. E para unha maior eficiencia e rapidez na tramitación, introdúcese a figura de prórroga da axuda concedida, de maneira que se poña en funcionamento un procedemento administrativo que permita a continuidade na prestación do servizo daquelas persoas usuarias que utilicen un transporte de forma regular, e mellórase a redacción do texto en aras dunha maior simplificación.

Para a plena efectividade deste proxecto elabóranse as presentes Bases que regulamentan o sistema de adxudicación das axudas e a súa contía.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA REGULADORA

É obxecto das presentes Bases regular os procedementos de convocatoria das axudas destinadas a facilitar o uso dun medio alternativo de transporte, a aquelas persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada, gravemente afectadas na súa mobilidade, que cumpran cos requisitos establecidos.

Concrétanse na concesión dunha subvención económica individual directa destinada a persoas físicas, que permita a utilización dun servizo de transporte axeitado ao seu perfil, para cubrir as necesidades básicas de desprazamento fóra do fogar, non cubertas por outros sistemas públicos nin privados subvencionados, e que se establecerán previa análise e valoración do Departamento de servizos sociais.

O réxime xurídico é o de concorrencia non competitiva no procedemento de concesión, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas e completadas, segundo o disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

As bases establécense no marco da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; do seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo; da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; do Decreto 11/2008, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento desta última lei; e da Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais (Ordenanza núm. 26 en adiante) e **outra lexislación de aplicación**.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A contía total máxima que se destina a esta finalidade será a establecida en cada Convocatoria anual aprobada e consignada anualmente no orzamento municipal, quedando condicionada a concesión de subvencións, á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da súa resolución.

As contías non utilizadas do total consignado anualmente no orzamento municipal integraranse novamente á partida podendo ser utilizado o remanente como prórroga da axuda.

Non obstante, o Concello poderá habilitar maior crédito dentro das súas disponibilidades ou modificar as contías previstas para estas axudas. En todo caso, o límite será sempre o esgotamento da partida consignada.

TERCEIRA.- ACTUACIÓNS A SUBVENCIONAR

Poderán ser obxecto de subvención os servizos de transporte nas seguintes modalidades:

- Servizo individual. Farase uso deste servizo cando polas circunstancias persoais e de destino non sexa posible o uso do transporte colectivo, agrupado ou combinado.

- Servizo agrupado. Poderá ser utilizado cando varias persoas coincidan nun destino idéntico e non se valore conveniente o uso do transporte colectivo ou combinado.

- Servizo colectivo: cando polas circunstancias persoais e de destino sexa posible e se valore positivo a utilización de transporte público colectivo interurbano ou ben o urbano da cidade da Coruña.

- Servizo combinado: Cando polas circunstancias persoais e de destino sexa posible e se valore conveniente o uso de transporte colectivo combinado co transporte individual ou agrupado.

CUARTA.- REQUISITOS DA PERSOA DESTINATARIA:

1. Para ter acceso á subvención é preciso que concorran os seguintes requisitos, **sendo motivo de denegación:**

a) Estar empadroadada e residir no municipio de Arteixo cunha antigüidade dun (1) ano, **anterior á apertura do prazo de solicitude**, e permanecer de alta no Padrón de habitantes municipal mentres perciba a axuda.

O Concello poderá esixir a acreditación documental deste extremo mediante a presentación de recibos de consumo periódico que avalen o uso habitual da vivenda.

b) Ter recoñecida a condición legal de diversidade funcional en grao igual ou superior ao 33%, e /ou a situación legal de dependencia, mediante certificado emitido polo Organismo público correspondente.

c) **Ter recoñecido legalmente a situación de mobilidade reducida** ou de dificultades no uso diario de transporte público colectivo, e que así o acredite o Certificado emitido polo Organismo público que competa, en aplicación ao disposto no *Real Decreto 1056/2014, del 12 de diciembre, por el que se regulan las Condiciones Básicas de emisión y uso de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad.*

A criterio da Comisión de Valoración, e sempre que se acredite documentalmente a concorrencia de circunstancias que o aconsellen, excepcionalmente, poderán obter a condición de destinataria destas axudas, as persoas en situación de dependencia debidamente recoñecida que **non reúna este requisito.**

d) No caso de que a solicitante se atope en activo, non ter recoñecido este tipo de beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo.

e) **Non ter dereito a este servizo de modo subvencionado**, ou non ser susceptible de telo, na totalidade do traxecto a realizar, a través de ISFAS, MUFACE ou calquera outra entidade pública ou privada (Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal da Xunta de Galicia, Transporte adaptado e asistido recoñecido mediante resolución do Plan individual de Atención á Dependencia (PIA en diante) da Xunta de Galicia, Percepción do subsidio de compensación de gastos de transporte da LISMI, Fundación ONCE, e outros).

Neste caso, **non se atenderá a solicitude** ata non posuír a resolución negativa destes servizos.

En canto aos servizos de transporte adaptado ofrecidos polas centros de atención diúrna ou ocupacional de entidades privadas, que non son susceptibles de ser subvencionados por ningún organismo público nin privado, poderán ser obxecto desta convocatoria **sempre e cando non existan prazas dispoñibles compatibles ao seu perfil en centros públicos dentro do termo municipal de Arteixo.**

f) Se a persoa é maior de 18 anos, non constar como titular de vehículo.

g) Carecer de mais dun (1) vehículo na unidade de convivencia para a súa condución, e no caso de existir, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos nos que, por causas sobrevidas debidamente acreditadas, non poidan ser utilizados.

h) Que a renda per cápita (RPC en diante) mensual das persoas computables, non sexa superior ao **175%** do IPREM mensual vixente (IPREM mensual para o 2018: 537,84€).

A RPC mensual de persoas que conforman unidades de convivencia **unipersoais**, dunha (1) única persoa, ponderarase polo seguinte coeficiente multiplicativo corrector: **0,85**.

i) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda estatal, autonómica e local, e non atoparse inhabilitada para a obtención de subvención pública.

Para os anteditos efectos terá que autorizar ao Concello de Arteixo a súa comprobación, sempre que esta sexa posible. No caso de opoñerse, deberá achegar o correspondente documento que así o acredite.

j) Non superar os **35km** de radio entre o Concello de Arteixo e o destino solicitado.

2. Considerase persoas computables e unidade de convivencia, todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando así no Padrón municipal de Habitantes no momento da solicitude.

3. Para a determinación da RPC mensual, terase en conta a **doceava parte do total da suma dos rendementos netos**, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF en diante) do último exercicio dispoñible na data de solicitude de todas as persoas computables; descontando o gasto de vivenda, en concepto de alugueiro ou hipoteca, ata un máximo de **350€/mes**; e dividíndose polo número total destas.

A estes efectos tomaranse en conta as cantidades que figuren nas cuadrículas que se indican unicamente **como Neto Previo** ou concepto similar dos certificados de imputacións de rendas do último exercicio dispoñible na data de solicitude.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda por non estar obrigada, teranse en conta a **suma** dos rendementos **netos** do traballo, incluídas as pensións, prestacións e subsidios públicos e privados exentos de realizar a devandita declaración, os rendementos **netos** do capital mobiliario e inmobiliario, os rendementos **netos** de actividades económicas, e as ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos reducibles, calquera que sexa a súa natureza e orixe.

QUINTA.- PROCEDEMENTO

O procedemento que se aplicará para a valoración e a concesión das axudas será o establecido na Ordenanza núm. 26, ademais do que a continuación se especifica:

a) Aprobación das Bases polo Pleno Municipal

c) Aprobación da Convocatoria anual polo órgano municipal competente.

d) Publicación das Bases e da Convocatoria anual no Boletín oficial da Provincia (BOP en diante)

e) Unha vez rexistrada a solicitude, procederase polo departamento municipal á comprobación da documentación, podendo formalizarse o requirimento de emenda, se é o caso.

f) Completados os expedientes, a Comisión de Valoración emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará acta coa proposta de concesión ao Órgano municipal competente para a súa aprobación.

g) Aos efectos de publicacións relacionadas co procedemento de solicitude, aplicarase o regulado na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PACAP en diante) e na normativa de Subvencións.

SEXTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA INSTRUÍR E RESOLVER O PROCEDEMENTO

1. A instrución e valoración do procedemento é competencia do Departamento de Servizos sociais municipais da Área de Benestar comunitario.

2. Resolverá sobre o recoñecemento da concesión da axuda, o órgano municipal competente, ou órgano no que delegue.

SÉTIMA.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes presentaranse en modelo oficial debidamente cumprimentadas, acompañadas da documentación preceptiva, no Rexistro Xeral ou Rexistros auxiliares do Concello de Arteixo.

O prazo de presentación fixarase na publicación da Convocatoria anual, sendo de modo **xenérico ata o 31 de outubro** do ano da convocatoria.

A Convocatoria conterá o prazo para maior claridade, podendo ser inferior ao establecido como xenérico atendendo ás características específicas da axuda, en todo caso, rematará co esgotamento da dotación orzamentaria prevista.

OITAVA- SOLICITUDES

1. As axudas serán solicitadas polas persoas destinatarias ou por quen as represente.

2. En aplicación do contido na PACAP, no relativo aos dereitos das persoas na relación coas Administracións públicas e documentación a aportar, as persoas solicitantes deberán formular solicitude mediante declaración responsable (modelo normalizado), asumindo a entidade municipal a obtención de datos e documentación por medios propios de calquera administración coa finalidade de facilitarlle os trámites.

3. No modelo de solicitude, a persoa solicitante e as persoas computables, ademais de todos os datos identificables requiridos e obrigatorios, **asinarán** as seguintes declaracións e autorizacións:

a) Autorización para obtención de datos doutras administracións que se establezan. En todo caso, é responsabilidade da solicitante e das persoas computables, que os datos que se consulten estean debidamente facilitados, e que cumpra coas obrigas de calquera tipo segundo o legalmente establecido. No caso de opoñerse a estas consultas, deberán facelo constar no cadro habilitado para tal efecto e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos.

b) Declaración responsable de cumprimento dos requisitos para ser destinataria da subvención, ademais das recollidas na Ordenanza núm. 26, e especialmente:

b.1) Ter e manter residencia efectiva no termino municipal de Arteixo durante o tempo que perciba a axuda.

b.2) No caso de persoas destinatarias maiores de 18 anos ou maiores de 16 anos emancipadas, que non constan como titulares de ningún vehículo.

b.3) Que na unidade de convivencia, non existe mais dun (1) vehículo para a súa condución, nos termos reflectidos na Base Cuarta desta Convocatoria.

b.4) No caso de persoas destinatarias activas, que non ten recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título.

b.5) Que a persoa destinataria non ten recoñecido este beneficio ou servizo de modo subvencionado, ou non é susceptible de telo, na totalidade do traxecto a realizar, a través de calquera outro organismo público ou privado.

b.6) Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o Departamento de Servizos sociais municipais e, de ser requirida, presentar a documentación que acredite as circunstancias asinadas nesta Declaración responsable.

c) Declaración das axudas obtidas para a mesma finalidade e o seu importe.

d) Declaración de que non incorre en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/2013, Xeral de subvencións; no número 2 e 3 do artigo 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño; e na Ordenanza núm. 26.

e) Declaración de estar ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvencións conforme ao artigo 10.2. f) da Lei 9/2007; o artigo 9 do Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; á Lei 38/2003, de 17 de novembro; e á Ordenanza núm. 26; así como co resto das obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e ca Seguridade social.

f) Declaración de que todos os datos da súa solicitude son correctos.

g) Compromiso de comunicar calquera variación das circunstancias tidas en conta na valoración da súa solicitude conforme estas Bases.

4. As situacións acreditadas mediante declaración responsable serán comprobadas polos medios dos que dispón a administración local. A falsidade nos datos suporá o inicio do procedemento correspondente de devolución de contías, ademais doutras medidas que se contemplen nestas Bases.

5. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT en adiante), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da concellaría municipal competente en materia de Facenda, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social, así como de non ter pendente ningunha outra débeda da solicitante.

b) Certificado de titularidade de vehículo do Padrón municipal da solicitante e do resto das persoas da unidade de convivencia.

c) Certificado de empadramento da solicitante e das persoas que integran a unidade de convivencia.

d) Certificación dos Datos imputados expedido pola AEAT da solicitante e das persoas que integran a unidade de convivencia.

e) Informe de Vida laboral, de ser o caso, da solicitante e das persoas que integran a unidade de convivencia.

f) Importe mensual de pensións ou prestacións percibidas emitido pola Seguridade Social da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade de convivencia.

6. Se os datos non se puideran obter dende a entidade municipal, por causas de imposibilidade material, serán requiridas á solicitante, no caso de non aportalos entenderase que desiste da solicitude segundo o indicado nestas Bases

NOVENA.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación preceptiva, sendo causa de denegación o non aportala:

a. Documentación acreditativa da identificación da solicitante ou quen a represente, de ser o caso, así como documentación acreditativa de dita representación.

b. Título ou certificado de diversidade funcional e /ou Dependencia en vigor da destinataria.

c. Título ou certificado que acredite a mobilidade reducida, ou ter dificultades no uso diario de transportes públicos colectivos, mediante certificado do Organismo público que corresponda, en aplicación do disposto *Real Decreto 1056/2014, del 12 de diciembre, por el que se regulan las Condiciones Básicas de emisión y uso de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad.*

No caso de persoas en situación de dependencia, que acrediten a concorrencia de circunstancias que aconsellen o uso destas axudas, segundo a Base cuarta apartado c, aportarse toda aquela documentación que así o faga constar, quedando condicionadas ao criterio da Comisión de Valoración.

d. Se algunha das persoas computables, non está obrigada a presentar o IRPF, ou no caso de que o Concello precise verificalos, a xustificación dos ingresos percibidos efectuaranse a través de:

d.1. Cando sexan susceptibles de percibir pensións, prestacións, subsidios ou similares, calquera que sexa a súa orixe ou natureza (plans de pensións, seguros privados, pensións do estranxeiro e outros), certificado emitido polos organismos correspondentes, indicando a contía mensual, **ou extracto bancario dos últimos doce (12) meses que así o acredite.**

d.2. Cando se atopen activas, as nóminas dos últimos doce (12) meses, **ou extracto bancario dos últimos doce (12) meses que así o acredite.**

d.3. No caso de atoparse en idade laboral, inactivas e sen prestación, certificado de vida laboral.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos **deberá indicar en que momento e ante que unidade** do Departamento de servizos sociais municipais foron presentados. Presumírase que o acceso a estes documentos é autorizado polas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

3. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o Departamento de servizos sociais municipais poderalle requirir a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios, dos contidos a que se refire o documento. No caso de non aportalos entenderase desistida da solicitude.

4. Para o caso de que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o procedemento, o órgano responsable do procedemento e o número de rexistro de entrada da solicitude.

5. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais, sempre que exista constancia de que sexan auténticas. Excepcionalmente, o Departamento de Servizos sociais municipais, poderá requirir a exhibición do documento orixinal para ou seu cotexo.

DECIMA.- CONTÍA E MODALIDADE DE AXUDAS

A contía máxima a percibir por cada persoa destinataria non poderá superar:

- Para RPC mensuais de 0% ata o 100% do IPREM, 4.000€ anuais.
- Para RPC mensuais superiores ao 100% IPREM ata o 175% do IPREM, 3.000€ anuais.

O importe da axuda a percibir **será o resultante** de aplicar o Baremo económico que figura no Anexo desta disposición, calculado nos termos da Base cuarta, e os quilómetros percorridos multiplicados polo custo do quilómetro establecido de referencia, que se acorda en 1,30€/km.

O importe anual da axuda concedida será rateado polo número de meses do ano natural (12), á marxe da data de presentación da solicitude. O rateo será de 11 meses, cando o centro de destino conte cun período de vacacións dun (1) mes para todas as persoas usuarias.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E REQUIRIMENTOS DE EMENDA

1. O Departamento de servizos sociais municipais, revisará os expedientes de solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida.

2. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle á solicitante, para que no prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude. Nestes casos, **considerarase como data de presentación da solicitude**, aquela en que fose realizada dita emenda.

3. Á solicitude presentada, incorporárase de oficio o volante de empadramento, o certificado de Rendas relativo ao Padrón de vehículos de cada unha das persoas computables, o informe de Débedas da persoa destinataria e o Certificado de Imputación de rendas da AEAT de todas as persoas computables.

4. Unha vez obtida toda a documentación, o exame das solicitudes realizarase **por unha Comisión de Valoración**, composta por:

- Presidenta: A concelleira da Área ou persoa en quen delegue.
- Vocais:
 - A Coordinadora do Departamento de Servizos Sociais.
 - A Técnica de Planificación do Servizo, que actúa tamén como secretaria.
 - A Traballadora social responsable do programa de Atención á Dependencia.

Se por calquera causa algunha das persoas que compoñen a Comisión non puidera asistir ás sesións, será substituída por quen designe o órgano competente.

5. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos nestas Bases, a Comisión de Valoración elevará unha proposta de concesión **ao órgano competente para resolver**, na que figurarán as solicitudes propostas para obter a axuda, o importe para cada unha delas, o número de meses de cobertura, e as denegadas motivando a causa.

6. **As concesións ditaranse por rigorosa orde cronolóxica** de entrada das solicitudes ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible. Considerarase data de presentación da solicitude aquela en que conste como validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos exixidos.

7. Unha vez acordada a concesión, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, sempre que sexan compatibles, poderá dar lugar á modificación de dita resolución.

8. O prazo máximo de resolución e notificación á persoa interesada será o fixado conforme ao artigo 21.3 da PACAP, dende a recepción da totalidade da documentación requirida. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución, lexítima á persoa interesada para entender **desestimada** a súa solicitude por silencio administrativo.

9. Unha vez recibida a notificación de concesión, a persoa destinataria ou quen a represente, deberá poñerse en contacto co Departamento de servizos sociais municipais, a fin de recibir as instrucións necesarias para a efectividade desta. Transcorridos **tres (3) meses** sen a aceptación e recepción das instrucións, entenderase tacitamente que **desiste** da solicitude e arquivarase por caducidade.

DÉCIMO SEGUNDA.- NOTIFICACIÓNS

As notificacións que se efectúen en papel estarán a disposición da persoa interesada a través da sede electrónica do Concello para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

No caso de notificacións electrónicas realízanse mediante o sistema que se designe para tal efecto. De designarse o de Galicia-Notifica.gal a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude para estes efectos. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entenderanse rexeitadas cando transcorresen **dez (10) días desde a posta** á disposición da notificación sen que se acceda a este.

Se a notificación no for posible por problemas técnicos, o Concello efectuará a notificación por calquera outro medio dos previstos na normativa reguladora da PACAP

DÉCIMA TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE DA AXUDA

As subvencións previstas nestas bases son incompatibles coas axudas e cos servizos calquera que sexa a súa natureza, pública ou privada subvencionada, que se poidan percibir para as mesmas actuacións, agás que non cubran a totalidade do traxecto, con obriga de acreditar dita circunstancia.

Neste último caso, a suma dos importes de cada unha delas non superará o custo dos servizos realizados, de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e outra normativa de aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- MODALIDADE DE PAGO E REGULAMENTACIÓN NO USO DAS AXUDAS

1. A entrega das axudas farase efectiva preferiblemente, mediante transferencia bancaria na conta designada pola persoa destinataria. Aceptase a Delegación de Pago a Terceiros, cando o pago efectivo do servizo de transporte o asuma o propio centro de destino.

A periodicidade dos pagos adaptaranse, en función da intensidade dos desprazamentos que realice a persoa destinataria, así como da xustificación do gasto que realice. Se o gasto que se xustifica é inferior ao importe da axuda concedida, o Concello poderá diminuír os ingresos sucesivos ata equiparar ambos importes (concedido e xustificado).

2. De forma excepcional, a entrega da Axuda concedida poderase efectuar mediante Bono en soporte papel, no que constarán os seguintes datos:

- O valor do Bono, que non será inferior a 0,5€, debendo a persoa destinataria achegar os importes inferiores de 0,5€.
- O número do Bono, data de entrega e selo do Concello.
- Orixe e destino autorizados.
- Nome, DNI e sinatura da persoa beneficiaria.

As persoas destinatarias entregarán o Bono ao servizo de transporte como contraprestación, e obrigatoriamente presentarán o seu DNI ou documento acreditativo que o identifique en vigor.

Os Bonos terán validez ata o 31 de decembro do ano da convocatoria, e os non utilizados serán devoltos ao Departamento de servizos sociais para os efectos de control.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN

Os documentos para a xustificación da Axuda **presentarase obrigatoriamente nos primeiros dez (10) días de cada mes seguinte ao da prestación do servizo**, do seguinte xeito:

1. **Xustificante orixinal de asistencia ao centro de destino**, agás que autoricen a que o realice o propio centro.

2. As axudas pagadas mediante ingreso en conta bancaria, **presentación da Factura** ou documento de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, dos servizos de transporte realizados, con identificación fidedigna da empresa prestadora de dito servizo, o cal debe cumprir co perfil de servizo de transporte público ou discrecional de persoas como tal.

3. Para as axudas efectuadas mediante Bono en papel, será a empresa prestadora a que achegue a relación dos servizos realizados acompañada dos bonos correspondentes. A concesión mediante Bono, implica a cesión do dereito de cobramento á empresa que realice o transporte.

O Concello reserva para si o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando a persoa destinataria obrigada a facilitar canta información sexa requirida polo Departamento de Servizos sociais municipais para a Intervención Municipal.

Atendendo ao principio de anualidade orzamentaria, a data das facturas deberá coincidir coa do exercicio orzamentario en vigor.

DÉCIMO SEXTA.- OBRIGAS DA PERSOA DESTINATARIA

Ademais das recollidas na Ordenanza núm. 26, as axudas son persoais e intransferibles debendo ser utilizadas unicamente para a finalidade para a que foron concedidas.

A persoa destinataria queda obrigada a comunicar **en dez (10) días** ao Departamento de servizos sociais municipais, calquera cambio nas circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda, e que poden dar lugar á modificación desta.

A falsidade dos documentos presentados na solicitude **ou as irregularidades no uso das axudas**, darán lugar **ao reintegro das xa concedidas e pagadas, e á perda do dereito a gozar destas**, sen prexuízo de quedar excluída en futuras convocatorias.

As persoas adxudicatarias, ademais das obrigas recollidas nestas Bases, deberán subministrar ao Departamento de servizos sociais municipais, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na Lei de 19/2013, do 9 de decembro, *de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*.

O procedemento para declarar a perda do dereito de cobramento da axuda, e de ser o caso, para facer efectiva a devolución será o establecido na Ordenanza núm. 26 e na normativa de Subvencións de aplicación.

DÉCIMA SÉTIMA.- TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

As axudas outórganse de acordo cos principios de obxectividade e de publicidade.

De conformidade cos artigos 17.3.b), 18, 20.8.a) e 20.8.b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvención (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no BOP, sempre no marco do previsto nos artigos 5.3, 14, 15 e 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de *transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, en canto á protección de datos de carácter persoal.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DOS DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar as persoas solicitantes, serano para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, infórmase de que o Responsable de Tratamento dos datos persoais é o CONCELLO DE ARTEIXO, con dirección PRAZA ALCALDE RAMÓN DOPICO, Núm. 1-15142 ARTEIXO (A CORUÑA). 1.-FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos será utilizados para prestar a subvención solicitada nesta convocatoria. O feito de que non se facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestar a subvención solicitada. PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación desta subvención. 2.-LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que se outorga ao realizar a solicitude de prestación da subvención. 3.-DESTINATARIAS DE CESIÓNS: O CONCELLO DE ARTEIXO non cederá os seus datos de carácter persoal fóra do xuridicamente establecido para esta Convocatoria. 4.-DEREITOS: Tense o dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O CONCELLO DE ARTEIXO dispón de formularios específicos para facilitar o exercicio dos dereitos. Pódese presentar a propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados do DNI para acreditar a identidade.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- PUBLICIDADE E ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor das presentes Bases será efectiva ao día seguinte ao da súa publicación no BOP

ANEXO

IPREM MENSUAL 2018= 537,84€

RPC MENSUAL RESPECTO DO IPREM MENSUAL EN VIGOR		IMPORTE QUE SE CONCEDE
	CONTIA MENSUAL	
		Máximo: 4.000€/ano
Menor ou igual ao 50%	Menor ou igual a 268,92€	100%
Maior do 50% ata o 75%	Maior de 268,92€ ata 403,38€	75%
Maior do 75% ata o 100%	Maior de 493,38€ ata 537,84€	65%
		Máximo : 3.000€/ano
Maior do 100% ata o 125%	Maior de 537,84 € ata 672,30€	55%
Maior do 125% ata o 150%	Maior de 672,30€ ata 806,76€	45%
Maior do 150% ata o 175%	Maior a 806,76€ ata 941,22€	30%
Maior do 175%	Maior a 941,22€	0%

CONVOCATORIA PARA O ANO 2019, DAS AXUDAS DE APOIO Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU CON DEPENDENCIA ACREDITADA

ARTIGO 1.- OBXECTO

Mediante esta disposición convócanse as axudas de apoio á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou con dependencia acreditada, destinadas a facilitar o uso dun medio alternativo de transporte, a aquelas gravemente afectadas na súa mobilidade e que cumpran cos requisitos das Bases reguladoras aprobadas no Pleno de 14 de decembro de 2018.

ARTIGO 2.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación comezará o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia (BOP en diante) e rematará o **31 de outubro de 2019** e, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no BOP mediante resolución do órgano competente.

ARTIGO 3.- ORZAMENTO

As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicacións orzamentarias asignadas.

Para o ano 2019, o importe ascenderá a 55.000 euros.

A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución do órgano municipal competente e terá efecto logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

ARTIGO 4.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación no seguinte enderezo: Praza Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña).

ARTIGO 5. - REMISIÓN NORMATIVA

En todo o non recollido nesta disposición aplicaranse o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, *General de Subvenciones*, e no seu Regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta Convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOP

Arteixo, 20 de decembro de 2018

O ALCALDE-PRESIDENTE

Por Delegación Decreto nº 1336/2015

Asina dixitalmente: Inés Ramos Álvarez

Concelleira de Servizos Sociais e da Área de Benestar Comunitario

2018/9701